



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde do Concello
de **TORDOIA (A Coruña)**

FAI SABER:

Que polo Decreto 164/2018, do 20 de decembro, se establecen as **axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva**, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos (DOG n.º 247 do 28/12/2018)

Obxecto: Establecemento de axudas sociais extraordinarias a favor das persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas (PNC), do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).

Carácter e compatibilidade: Estas axudas sociais, persoais e intransferibles, teñen carácter extraordinario e non se consolidarán para o futuro. Esta axuda será distinta das do sistema da Seguridade Social e das que poida outorgar a Administración xeral do Estado, e será compatible con elas.

Contía: A contía individual destas axudas fíxase en 206 euros, que se aboarán de oficio mediante un pagamento único na conta bancaria na que as persoas beneficiarias teñen domiciliada a súa pensión.

Persoas Beneficiarias e requisitos: Serán persoas beneficiarias as que perciban pensións de invalidez e xubilación na súa modalidade non contributiva, as do FAS e as do SGIM nas cales concorran os seguintes requisitos:

Estar en situación de alta en nómina con data do 1 de xaneiro de 2018 e permanecer nesta mesma situación de alta na data de entrada en vigor deste decreto.

Ter a residencia habitual no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e a data de entrada en vigor deste decreto.

Máis información: servizos sociais comunitarios

Tordoia a 8 de xaneiro de 2018

O alcalde

